




SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DOS CENTROS (GRAOS E TITULACIÓNS  
DE MÁSTER UNIVERSITARIO)

PROCEDEMENTO

**Orientación ao alumnado e atención ás  
necesidades específicas de apoio educativo**

CÓDIGO DO-0203 ÍNDICE 05

ELABORACIÓN	VALIDACIÓN	APROBACIÓN
Área de Calidade	Comisión de Calidade	Xunta de centro
Data e sinatura 03/03/2021	Data e sinatura 24/05/2021	Data e sinatura 25/05/2021
		
Raquel Gandón Chapela	Guillermo García Lomba	Elena Alonso Prieto
Técnica Superior de Calidade	Coordinador de Calidade E.E. Minas e Enerxía	Directora E.E. Minas e Enerxía

## Proceso

Planificación e desenvolvemento do ensino

## Histórico de evolucións

ÍNDICE	DATA	ELABORACIÓN	MOTIVO DAS PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS
00	15/05/2008	Área de Calidade	Creación dos procedementos (documentación marco) no marco do programa Fides-Audit de SGC dos centros.
01-03	2008-2011	Comisións de garantía de calidade dos centros	Intervalo de modificacións realizadas polos centros no ámbito dos seus SGC baseadas fundamentalmente nas recomendacións establecidas nos informes de avaliación do deseño remitidos pola ACSUG.
04	20/03/2019	Área de Calidade	Evolución do procedemento inicial «Promoción e orientación ao alumnado». Creación do procedemento coa denominación «Orientación ao alumnado». Nova codificación, trama de redacción e estrutura, e novos contidos.
05	03/03/2021	Área de Calidade	Actualización do procedemento. Incorporación do tratamento das necesidades específicas de apoio educativo. Adaptación do nome do procedemento á actualización do contido.

## Índice

---

I OBXECTO .....	4
II ALCANCE.....	4
III REFERENCIAS .....	4
IV DESENVOLVEMENTO .....	6
V ANEXOS .....	12

---

## I OBXECTO

Definir o sistema que permite organizar os procesos de orientación ao alumnado para dar resposta ás súas necesidades e expectativas, con especial atención ás súas necesidades específicas de apoio educativo.

---

## II ALCANCE

O alcance do procedemento esténdese de forma xenérica ao alumnado de Grao e de titulacións de Máster Universitario da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

---

## III REFERENCIAS

### III.1. Normas

- Regulamento de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo da Universidade de Vigo.
- Decreto 13/2019, de 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo.
- Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro de universidades.
- Estatuto do estudante universitario, aprobado polo RD 1791/2010, do 30 de decembro.
- Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal, modificada pola Lei 26/2011, do 1 de agosto, de adaptación á convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade.
- Normativa de dedicación e recoñecementos docentes do profesorado.
- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A lexislación e a normativa xeral que afecta o SGC dos centros está descrita no *Manual de calidade*.

### III.2. Definicións

**Necesidades específicas de apoio educativo:** «Referímonos a un conxunto de necesidades que presenta o estudantado nunha etapa educativa concreta ou que se estende ao longo de todas elas e que abarca necesidades educativas especiais derivadas dunha discapacidade ou dun trastorno de conduta, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou polas súas condicións persoais ou de historia escolar» (Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación).

### III.3. Abreviaturas e siglas

- SGC: Sistema de garantía de calidade
- PAT-ANEAE: Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo
- PIUNE: Programa de integración de universitarios con necesidades específicas de apoio educativo
- UNATEN: Unidade de Atención ao Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo
- COATEN: Comisión técnica de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

---

## IV DESENVOLVEMENTO

### IV.1. Finalidade do proceso

Contribuír á **formación integral** do estudantado facilitando o seu desenvolvemento académico e persoal e incorporando, se é preciso, os mecanismos necesarios para atender as súas necesidades específicas de apoio educativo.

### IV.2. Responsable do proceso


Institucional: Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación.

Centro: persoa coordinadora do Plan de Acción Titorial (PAT) e persoa coordinadora ou enlace PIUNE (se ambas as funcións recaen en persoas diferentes).


### IV.3. Indicadores

A descrición e o modo de cálculo destes indicadores están definidos no catálogo de indicadores, dispoñible no portal de transparencia da Universidade de Vigo.

IV.4. Diagrama de fluxo





A) Deseño e xestión do Programa de integración de universitarios con necesidades específicas (II)





## B) Orientación e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (I)





## Comentarios

A Universidade de Vigo mediante o Regulamento de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo manifesta o seu compromiso co desenvolvemento integral de todo o alumnado.

Para tal fin establece un programa destinado a resolver situacións de desigualdade, levando a cabo programas e medidas personalizadas para asegurar unhas condicións específicas para o desenvolvemento efectivo dos estudos.

### PIUNE

O Programa de Integración de Universitarios/as con Necesidades Específicas (PIUNE), de carácter institucional inserido nun marco de responsabilidade social e aprobado polo Consello de Goberno, ten por obxecto facilitar os servizos e os recursos específicos para o estudantado con necesidades específicas de apoio educativo cos que conta a Universidade de Vigo. O estudantado que o precise para a súa integración na vida universitaria poderá solicitarlle á UNATEN a súa inclusión.

A participación no programa terá carácter voluntario e estenderase por un ano académico. Cada ano académico deberá formalizarse unha nova solicitude para seguir participando.

### PAT-ANEAE

O Plan de Acción Titorial e de Atención ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo é unha ferramenta do centro pola que se formaliza a atención personalizada ao estudantado. O PAT-ANEAE do centro recolle un conxunto de actuacións destinadas a favorecer a integración do alumnado na vida universitaria e atender ás súas necesidades formativas e informativas, sempre no marco das atencións ás necesidades específicas de apoio educativo.

Supón superar o modelo especificamente académico, só preocupado pola transmisión de coñecementos, e apostar por un modelo educativo no que conflúen ademais funcións socioeducativas, baseadas en relacións recíprocas e interaccións titor/a-alumno/a, alumno/a-alumno/a, etc. Apóstase, en definitiva, polo desenvolvemento persoal, ademais do académico.

Preténdese ir consolidando unha liña de acción tutorial coherente coas necesidades do alumnado, que normalice as distintas accións e acade un axeitado equilibrio entre as expectativas do alumnado e os obxectivos que se expoñen no marco do espazo europeo de educación superior.

O Plan de Acción Tutorial apunta directamente cara á garantía e á adecuación dos métodos de ensinanza, aprendizaxe e avaliación, á adquisición de competencias do alumnado, á atención á diversidade, á orientación na aprendizaxe, etc., recollidos dunha forma ampla tanto nos regulamentos da universidade coma nas memorias dos títulos e no sistema de garantía de calidade do centro.

## V ANEXOS

- Anexo 1. Modelo/Guía para o deseño do PAT-ANEAE.

## Rexistros

Identificación do rexistro		Soporte orixinal	Lugar de arquivo	Responsable da custodia (órgano/posto)	Duración
Código	Denominación				
R1-D00203 P1	Plan de Acción Tutorial e de Atención ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo (PAT-ANEAE)	Electrónico	Aplicación do SGC	Coordinación do PAT-ANEAE	6 anos
R2-D00203 P1	Informe final de avaliación do PAT-ANEAE	Electrónico	Aplicación do SGC	Coordinación do PAT-ANEAE	6 anos

Outras evidencias para o seguimento e a acreditación das titulacións (véxase a Guía de seguimento e acreditación dos títulos oficiais de grao e máster universitario da ACSUG):

- A información sobre os recursos materiais directamente vinculados co título (evidencia E18) está dispoñible na páxina web do centro e/ou da titulación.
- A información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida (evidencia E19) está detallada no procedemento de orientación.
- Os materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia (evidencia E22) están dispoñibles nas plataformas de teledocencia (Moovi, Campus Remoto, etc.).